

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

EXTRACTO da Resolución do 8 de abril de 2024, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a participación no programa Conecta con Galicia, dirixido a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas e que residan no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR930A).

BDNS (Identif.): 754346.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Obxecto

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das axudas correspondentes ao programa Conecta con Galicia para o ano 2024, que ten por finalidade facilitar á mocidade da Galicia exterior o contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares (código de procedemento PR930A).

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócase este programa para o ano 2024.

3. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. Persoas beneficiarias

1. Poderán optar a este programa os mozos e mozas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 17 anos durante todo o programa, isto é, deberán ter feitos os 16 anos ao inicio do campamento e non poderán cumprir 18 antes do 29 de xullo.



b) Non ter participado en edicións anteriores deste programa.

c) Ter nacido en Galicia ou ser descendente de persoa emigrante galega.

d) Ter a nacionalidade española.

e) Ter a súa residencia habitual no estranxeiro.

f) Atoparse vinculadas con calquera concello galego no padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE), cunha antigüidade mínima de 12 meses contado desde o día de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

g) Saber nadar.

h) Non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.

i) Carecer de discapacidades que lle impidan realizar a viaxe e participar con normalidade nas actividades do programa.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 8 de abril de 2024, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a participación no programa Conecta con Galicia dirixido a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas e que residan no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR930A).

Cuarto. *Financiamento*

As axudas do presente programa teñen a consideración de axudas en especie e, consecuentemente, non supoñen contabilización do gasto. Os servizos que se prestan ás persoas participantes neste programa serán obxecto de licitación de acordo coa normativa de contratos do sector público.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De acordo co artigo 30.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, entenderase como último día do prazo o correspondente



ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Pola Secretaría Xeral da Emigración
P.S. (Decreto 108/2022, do 16 de xuño)

María Lorena Antelo Romero
Subdirectora xeral de Coordinación Administrativa,
Económica e de Programas Sociais

CVE-DOG: dpme4zi6-urv4-kcp7-aoH2-ygzltcqrS3o9

